

**Nº 26**

**Xoves, 30 de xuño de 2011.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

Número dedicado a conmemorar o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo, 22 de decembro de 1911 — Vigo, 28 de febreiro de 1981).

**SUMARIO**Portada musical

*Na Fraga de Merlín*, por Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich. (3')

Álvaro Cunqueiro

*Louvanza*, por Darío Xohán Cabana (10')

Poesía de Álvaro Cunqueiro

*Díxenlle á rula* (*Herba aquí ou acolá*). *Noivado IV* (*Poema do si e non*), por Carlos Vázquez (5')

Música

*Porta de Oriente*, por Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich. (3')

Memoria do Mondoñedo de Álvaro Cunqueiro

*O cruceiro do claustro da catedral de Mondoñedo*, por Fernando Arribas Arias (10')

Historias de Álvaro Cunqueiro

*Historias de "Os outros feirantes"*, por Ana Carreira (8')

Música

*O que Deus mandou* (Afonso X, O Sabio), por Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich. (3')

Álvaro Cunqueiro, gastrónomo

*Cunqueiro: o home que sabía o que sabía*, por Isidro Novo (5')

Poesía de Álvaro Cunqueiro

*A dama que ía no branco cabalo* e *Agora trobo o vento e maila lúa fría* (Dona do corpo delgado), por Carlos Vázquez (5')

Música

*Alalá do Cebreiro*, por Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich. (3')

Historias de Álvaro Cunqueiro

*Historias de "Os outros feirantes"*, por Ana Carreira (8')

Teatro de Álvaro Cunqueiro

*Vexo vexo... que ves?*, por Paloma Lugilde e Rubén Pérez Pombo (10')

Música

*Polos teus ollos quen pasou, amiga* (A. Cunqueiro: Cantiga nova que se chama riveira), por Pilocha. Músicos: Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich (3')

Opinión

Intervención do público. Entrega de diplomas aos amigos/as da revista (5')

Epílogo

por Aurelia Balseiro, directora do MPLugo (3')

Contraportada musical

*No niño novo do vento* (A. Cunqueiro: Cantiga nova que se chama riveira), por Pilocha. Músicos: Abraham Cupeiro, María Ruiz e Vadzim Yuchknevich (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

**Fernando Arribas Arias.**- Profesor de EXB e licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e historiador de cine, leva publicados diversos libros e artigos sobre a séptima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa tese de doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

**Darío Xohán Cabana.**- Naceu en Roás, Terra Chá, no 1952. Fixo o bacharelato en Lugo, traballou despois nas Edicións Castrelos con Xosé María Álvarez Blázquez. O seu primeiro mestre de poesía fora Manuel María. Despois de moi diversos oficios, actualmente traballa como funcionario do Concello de Lugo, onde é coordinador de publicacións. Publicou libros de poesía e narrativa, e traducións de poetas medievais europeos, nomeadamente Dante, Petrarca e os trovadores occitanos. É membro da Real Academia Galega.

**Ana Carreira.**- Narradora oral desde 1998, participa en campañas de animación á lectura e de igualdade coa Xunta de Galicia. Monitora de teatro para nenos e adultos desde 1991. Como traballos más recentes destacan a súa participación en "Obradoiro de xogos para pais e nais" e o roteiro literario "A praia dos afogados" para a Editorial Galaxia, as visitas teatralizadas "Lugo 10", organizadas por EscénaTe, e a conducción e presentación da experiencia científica "Esferas de Magdeburgo", organizada por Ciencia en Acción en Compostela. Actualmente realiza estudos de Grao na Escola de Arte Dramática de Vigo, especialidade Dirección de Escena e Dramaturxia.

**Abraham Cupeiro, María Ruíz, e Vadzim Yuchknevich.**- Abraham Cupeiro é licenciado no Real Conservatorio de Música de Madrid, especialidade de trompeta. Actualmente é profesor do Conservatorio de Música da Coruña. María Ruíz, licenciada no Real Conservatorio de Música de Madrid na especialidade de flauta traversa así como en música antigua (traverso barroco). Actualmente é profesora no Centro Autorizado de Música Fingoi. Vadzim Yuchknevich, naceu en Minsk (Belarus) en 1978. Formouse como músico na súa cidade natal, na Escola de Música Primaria e no Conservatorio Superior, obtendo o título de profesor de acordeón. Foi membro do grupo de folk Shurbalka-Burbalka, da orquestra de instrumentos nacionais da Universidade de Belarus, profesor de acordeón e director de orquestas infantís. Actualmente é profesor no Centro Autorizado de Música Fingoi.

**Paloma Lugilde e Rubén Pérez Pombo.**- Hai xa uns cantes anos... no que era daquela unha experiencia pioneira, aconteceu o 1º campamento de teatro de verán da Xunta de Galicia en Portomarín. Rubén era un dos acampados e Paloma monitora de teatro, así foi como se coñeceron e despois viñeron anos camiñando xuntos, con por amigos e compañeiros de Palimoco neste máxico e infinito mundo do teatro. E así foi como pasaron moitas obras por nós, dende *As filas de Eva* até o recente *Iluminado pola morte* (Homenaxe a Lois Pereiro) ou *O percebe e o pingüín* a partir de dous textos de Rubén e Brian Rodriguez, no que Paloma, como directora, fixo que os textos se ergueran creando un proceso de ensaios que provocou un paso cara adiante no grupo. Ademais participaron na publicación conxunta *Esperta, Zoe*, onde despois de moito percorrido se pode ver un ou *moitos* *beitos* do teatro de Paloma. Pasan os anos e hoxe encántanos volvemos atopar e compartir con vós este pequeno e fantástico texto de A. Cunqueiro no que quere

ser outro berro cara a liberdade e a volta ao xogo e ao disfrute da vida... Acompañadnos?

**Pilar Martínez Conde (Pilocha).**- Nacín en Vigo e agora vivo en Lugo. Comecei a cantar nos anos 70 con formacións e correntes musicais importantes na historia da música galega, grupos, hoxe desaparecidos, como "De catro a catro" ou "Roi Xordo", "Movemento Popular da Canción Galega", xérmolo entre Voces Ceibes e a música actual galega. Gravé o meu primeiro disco co título xenérico de "Pilocha" no ano 78 na serie "Xeira" de MoviePlay. Deste disco (que reeditou en formato CD Fonomusic) ainda soan cancións como "O sancristán de Coimbra" ou "Alecín". Chamáronme para participar nos seus concertos e gravacións *Milladoiro*, cos que fixen varias actuacións en directo e gravei unha canción no disco "Gallaecia Fulget"(1995), e con Antón Seoane gravei "Calamidá sentimental"(1998). Dende o ano 2002 veño traballando coa compañía Teatro do Atlántico, dirixida por Xulio Lago, en recitais poético-musicais baixo o título de "Ecos e voces dun tempo e un país". Dende entón traballo con eles en producións teatrais como "A bombilla máxica", "Unha primavera para Aldara", "Afterplay", "O xogo de Yalta", "Memoria de Helena e María" Dende 2008 dirixi e presento un programa de Jazz en Radio Galega Música chamado "Estrano Froito". Fixen estudos de canto lírico obtendo a titulación de grao profisional en 2008, imparto clases de canto na "Escola de arte e lecer" do colexio Fingoi de Lugo. Preparo novo disco con Antón Seoane e acabo de estrear "Sempre", no Teatro Jofre de Ferrol.

**Isidro Novo.**- De ascendencia mariñá, naceu en Lugo a mediados do século pasado. *Teca de brétema*, publicado na colección O Barco de Vapor no 94 foi a súa primeira publicación individual. Seguirálle o wéstern cómico *Por unha presa de machacantes* e no mesmo ano sairán do prelo *Carne de Can*, un feixe de oito relatos de carácter dramático e o libro de poemas *Dende unha nada núa*. Dous anos máis tarde, no 99, aparece *Antollos de Eimarmena*, narrativa curta, e logo dun espazo de catro anos sen publicar sairán, consecutivamente, as novelas: *Súa de si, Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. No ano 2007 publica o libro de poemas da súa autoría titulado *Esteiro de noites falecidas* e en 2010 o de relatos *Cabalos do demo e outros invertebrados*. En tempos tamén fixo radio (*Gomorritas e novas criaturas*), ademais publicou dúas guías orientativas para libar viño artesanal (*Guía do bebercio lugueés* -92 e 95).

**Carlos Vázquez González.**- Escritor e xornalista, forma parte da AELG. Traballou para a Corporación de *La Voz de Galicia*, como reportero, redactor, fotoxornalista, articulista e locutor de Radio Voz. Na actualidade traballa para a revista *Trashuz e a revista económica ECO*, entre outras publicacións periodísticas. É autor da obra narrativa *Unha de romanos* (2001); realizou unha xira poética por Galicia a través das Galerías Sargadelos, ten impartido obradoiros de creación literaria nos centros educativos grazas a AELG e redactou un traballo publicado polo Consello da Cultura Galega sobre a figura de Ramón Piñeiro nunhas xornadas que a Fundación Carlos Casares celebrou en Lugo en 2009. Baixo o título "A Galicia do século XXI", unha ducia de recoñecidos conferenciantes salientaron a figura do galeguista nado na Armeá (Láncara). <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=14605>. No eido sociocultural, encargouse de organizar, xunto co Concello de Lugo, unha serie de demostracións en vivo de oficios tradicionais nas que participaron ata corenta artesáns tradicionais traídos de toda Galicia.

\*\*\*\*\*